



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas de gramática contrastiva

Materia	Prácticas de gramática contrastiva			
Código	V01G160V01912			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Noya Campos, Maria del Camino			
Profesorado	Noya Campos, Maria del Camino			
Correo-e	cnoia@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Na materia que presentamos explicaremos e traballaremos as diferenzas entre as dúas linguas, galego e castelán, no nivel sintáctico e na morfoloxía mais insistiremos esencialmente no léxico e na fraseoloxía. Trataremos de evitar as interferencias producidas entre ambas as linguas semellantes e insistiremos nas diferenzas fundamentais.			

Competencias de titulación

Código	
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B5	Que o alumnado desenvolverse aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer a fondo as particularidades da gramática das linguas galega e castelá	A4 A5 A7 A8 A9	
Practicar os fundamentos teóricos gramaticais propios de cada lingua en diferentes exercicios e fixalos mediante a aplicación na expresión escrita e oral, en diferentes rexistros e ámbitos de uso: coloquial, administrativo, literario, publicitario ou científico.	A7 A8 A12	B2 B5

Contidos

Tema	
1. Traballar o léxico en galego e en castelán.	1.1. Valores e usos de certas palabras homónimas en ámbolos idiomas. 1.2. Léxico da orografía. 1.3. A expresión do tempo. 1.4. Nomes de árbores e plantas. 1.5. A expresión do parentesco e das relacións sociais. 1.6. Léxico do traballo manual.
2. Traballar a terminoloxía en diferentes ámbitos.	- Terminoloxía literaria e lingüística. - Terminoloxía científica. - Terminoloxía administrativa. - Outros ámbitos terminolóxicos.
3. Antroponimia e toponimia.	3.1. Antropónimos en galego e en castelán. 3.2. Os xentilicios. 3.3. Os topónimos: estudo contrastivo.
4. Fraseoloxía contrastiva	4.1. Locucións léxicas. 4.2. Refrás. 4.3. Ditos.
5. Revisión das diferenzas no nivel morfosintáctico entre o galego e o castelán.	5.1. Usos do artigo en ambas as dúas linguas. 5.2. O sistema pronominal. 5.3. O sistema de conectores en galego e en castelán. 5.4. A gradación e a comparación. 5.5. Valores e funcións contrastivas das preposicións e das locucións prepositivas.
6. Revisión das particularidades dos sistemas verbais galego e castelán.	6.1. Formas compostas da conxugación española. 6.2. Perífrases verbais e infinitivo flexionado en galego.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	24	48	72
Sesión maxistral	12	24	36
Probas de resposta curta	6	12	18
Traballos e proxectos	6	18	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	As clases serán eminentemente prácticas, coa análise e construción de textos e con exercicios sobre os aspectos problemáticos en ámbalas dúas linguas.
Sesión maxistral	Á explicación dos temas dedicarase só o tempo necesario segundo a competencia do alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Atenderemos persoalmente as necesidades, dúbidas e problemas de todos/-as os/as alumnos/-as.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Atenderemos persoalmente as necesidades, dúbidas e problemas de todos/-as os/as alumnos/-as.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Avaliaranse os traballos que se propoñan en cada apartado dos contidos.	40
Probas de resposta curta	Cada mes avaliaranse os contidos teórico-prácticos explicados na aula.	40
Traballos e proxectos	Cada alumna ou alumno deberá presentar un traballo, sobre un tema proposto na aula, para presentar no mes de decembro.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá escoller a principio de curso ou un sistema de avaliación continua ou un sistema de avaliación única. A avaliación única consistirá nun exame de todos os contidos da materia (100%). A avaliación continua precisa dun 80% de asistencia obrigatoria ás clases.

Na convocatoria de xullo o alumnado deberá presentarse a un único exame.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica

Álvarez, Rosario et al. (1986): *Gramática galega*, Vigo: Galaxia.

Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*, Vigo: Galaxia.

Bosque, Ignacio / Violeta Demonte, eds., (1999), *Gramática descriptiva de la lengua española*, 3 vols, Madrid: Espasa-Calpe.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2002): *Gramática da Lingua Galega II. Morfosintaxe*, Vigo: A Nosa Terra.

Pena, Jesús (1991): [La palabra: estructura y procesos morfológicos], *Verba*, 18, 69-128.

Bibliografía complementaria

Ackema, Peter / Ad Neeleman (2004): *Beyond Morphology. Interface Conditions on Words Formation*, Oxford / New York: Oxford University Press.

Alonso Núñez, Aquilino S. (2000): [Os sufixos nominais diminutivos do galego actual], *Verba*, 27, 133-174.

Alonso Núñez, Aquilino S. (2008): [La sufijación verbal, la circunfijación verbal y la sufijación verbal homogénea en el habla gallega del ayuntamiento de Castrelo do Val (Ourense, España), *Quaderni di Semantica*, XXIX, 2, 343-392.

Bybee, Joan (1985): *Morphology: A study on the relation between meaning and form*, Typological Studies in Language, 9, Amsterdam/Filadelfia: John Benjamins.

Dahl, Osten (ed.) (2000): *Tense and Aspect in the Languages of Europe*, Berlin/New York: Mouton de Gruyter.

Hub Faria, Isabel et al., coord. (1996): *Introdução à lingüística geral e portuguesa*, Lisboa: Caminho.

Fernández Pérez, Milagros (1993): *Las categorías gramaticales morfológicas en español*, *Verba*, anexo 35, Universidade de Santiago de Compostela.

González Pereira, Miguel / Francisco Albertuz Carneiro (2000): [Morfoloxía], en Ramallo, Fernando / Gabriel Rei Doval / Xoán Paulo Rodríguez, *Manual de ciencias da linguaxe*, Vigo: Xerais, 585-627.

Matthews, P. H. (1980): *Morfología. Introducción a la teoría de la estructura de las palabras*, Madrid: Paraninfo.

Pena, Jesús (1990): [Sobre los modelos de descripción en morfología], *Verba*, 17, 5-75.

Rio-Torto, Graça Maria (1998): *Morfologia derivacional. Teoria e aplicação ao português*, Porto: Porto Editora.

Scalise, Sergio (1994): *Morfologia*, Bologna: Il Mulino.

Simone, Raffaele (1993): *Fundamentos de lingüística*, Barcelona: Ariel.

Soto Andión, Xosé (2003): [Aproximación al habla de la Pontevedra interior: morfología verbal], *Revista de filología románica*, 20, 53-72.

Spencer, Andrew / Arnold M. Zwicky, eds., (1998): *The handbook of morphology*, Oxford: Blackwell.

Varela, Soledad (1990): *Fundamentos de morfología*, Madrid: Síntesis.

Veiga, Alexandre (1986): [Verbo latino e verbo galego. Notas para unha análise comparativa], *Verba*, 13, 75-125.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Edición de textos/V01G160V01904

Outros comentarios

Con esta materia preténdese que o alumnado acade as competencias suficientes para poder trasladar un texto de calquera ámbito, nivel léxico ou tema de galego a castelán e viceversa. Isto permitiralle ter un excelente control das habelencias tradutoras.
